


Plan Anual de Xestión do Centro

Facultade de Educación e Traballo Social

2023-2024



Universidade de Vigo

Facultade de Educación e Traballo Social

Avanzar cara á consecución dos obxectivos establecidos no Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS) require unha folla de roteiro ben establecida e unhas ferramentas de control que permitan avaliar en que medida a facultade se aproxima ás metas establecidas.

Así mesmo, a complexidade e dificultade dos obxectivos establecidos require unha temporalización precisa dos retos e as accións que se van desenvolver ao longo destes catro anos. Para que este proceso chegue a bo porto é imprescindible ter en conta que as persoas implicadas na súa posta en marcha están necesariamente inmersas en multitude de tarefas académicas, de xestión e investigación, polo que a economía do proceso resulta de especial relevancia para conseguir a adherencia e motivación necesarias. É por iso que se seleccionaron, despois dun profundo debate, unicamente os obxectivos máis significativos e os indicadores de medida máis relevantes, sen renunciar á validez e fiabilidade do procedemento.

Partindo dos eixos estratéxicos e os obxectivos establecidos pola Universidade de Vigo e aliñados cos mesmos, ex-póñense a continuación as liñas estratéxicas da Facultade de Educación e Traballo Social, os obxectivos que guiarán o noso percorrido en cada un dos cursos que abrangue o PDE, así como os indicadores e medidas que servirán de ferramentas para verificar os progresos realizados. O PDE que se presenta comprende un período de 4 anos naturais (2023-2026); non obstante, para a concreción dos indicadores e medidas asociados a cada liña estratéxica, teranse en conta datos anuais, así como datos cuxa referencia teña en conta o curso académico.

O presente Plan Anual de Xestión do Centro (PAXC) responde á necesidade de avaliar o grao de implantación do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS) durante o curso 2023-2024. A súa finalidade é determinar o nivel de cumprimento das metas fixadas, identificar desviacións e propoñer accións de mellora que garantan a evolución sostible e inclusiva do centro.

O documento organízase segundo as liñas estratéxicas recollidas no PDE-FETS e considera os indicadores definidos na Política de Calidade do centro, validados pola Comisión de Calidade e aprobados pola Xunta de Facultade.

De xeito global, durante o curso 2023-2024, a Facultade alcanzou as metas establecidas e avanzou de forma significativa na avaliación diagnóstica das guías docentes no relativo a contidos e metodoloxías para atención á diversidade, na implementación de metodoloxías activas e na consolidación das prácticas externas en colaboración con entidades sociais. Destaca tamén a mellora na visibilidade da investigación dos docentes do centro orientada á inclusión. Como retos pendentes identificáronse a necesidade de mellorar a accesibilidade física nalgúns espazos, consolidar o financiamento externo para accións estratéxicas e intensificar a coordinación interdepartamental en proxectos de innovación e transferencia.

A continuación, para expor o grao de cumprimento das metas, preséntanse os apartados do cadro de mandos relativos ás metas relativas ao PDE do centro, reflectindo en cores o grao de cumprimento de cadansúa meta prevista. Seguidamente, máis polo miúdo, unha serie de figuras posibilitan contextualizar cada unha das metas no marco de cada dimensión e cada obxectivo relativo ao Plan estratéxico da UVigo. Nestas figuras inclúense uns links web a onde se pode acceder ás evidencias e informes que sustentan a avaliación efectuada.

GRADO DE CUMPRIMENTO DO PLAN ANUAL DE XESTIÓN DO CENTRO

Curso 2023-2024- Programa de desenvolvemento estratéxico

Meta cumprida		Meta parcialmente cumprida		Meta en proceso	
---------------	--	----------------------------	--	-----------------	--

FORMACIÓN			Curso 23/24		Curso 24/25			Curso 25/26		
	INDICADORES	PROCEDEMENTO ASOCIADO	META		META			META		
I50	% de materias AVALIADAS relacionadas con aspectos de atención a diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico								
I50-1	% de materias avaliadas en relación ás metodoloxías e recursos que utiliza o docente asociadas á atención a diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	100		100			100		
I50-2	% de materias avaliadas en relación a contidos (conceptos, metodoloxías, recursos) que ensina o docente asociados á atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	100		100			100		
I51	% de MATERIAS E GUÍAS con contidos, metodoloxías ou recursos con aspectos de atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico								
I51-1	% de materias metodoloxías e recursos que utiliza o docente asociadas á atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sin Meta		50			65		
I51-2	% de materias avaliadas en relación a contidos (conceptos, metodoloxías, recursos) que ensina o docente asociados á atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sin Meta		50			65		
I52	Recursos implicados na Innovación Educativa	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico								
I52-1	% de MATERIAS AVALIADAS en relación ao uso de metodoloxías activas e colaborativas que favorezan a innovación educativa	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	100		100			100		
I52-2	% de materias/guías que contemplen o uso de metodoloxías activas e colaborativas que favorezan a innovación educativa	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sin Meta		35			40		
I52-3	% de profesorado participante en proxectos e cursos de Innovación Educativa	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	20		25			30		
I53	Difusión de Recursos de Atención á Diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico								
I53-1	Dispoñibilidade na Web dun Formulario para Rexistro de Recursos de Atención á Diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Presencia		Presencia			Presencia		
I54	Fomento de Prácticas, TFGs, TFMs e Teses de Doutoramento en empresas/institución na atención a Diversidade en Contextos Educativos	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico								
I54-1	% de estudantes en prácticas externas en institución con competencias en materia de atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	70		80			90		
I54-2	Número de TFGs, TFMs realizadas en colaboración con entidades externas	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	10		15			20		

ESPazos E Recursos

I55	Avaliación das barreiras susceptibles de limitar a realización de actividades académicas	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico										
I55-1	Informe diagnóstico que identifique acción necesarias a implementar para acadar FETS con accesibilidade Universal	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Presencia		Indicador sin Meta				Indicador sin Meta			
I55-2	Número de contactos con entidades y administracións para obtención de financiación	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	3		3				3			
I55-3	Número de accións implementadas segundo a diagnóstico do Informe inicial de accesibilidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Meta en función da avaliación									
I55-4	% de orzamento de laboratorios destinado a adquisición de recursos de atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		10%				15-20%			

INVESTIGACIÓN

I56	Grupos, Proxectos e Premios de I+D											
I56-1	% de Proxectos de Investigación e Transferencia visibles na web da FETS (alo menos os informados polos IP dos grupos da FETS ao Decanato)	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	80%		80%				80%			
I56-2	Número de Grupos de Investigación implicados nas acción da FETS enfocadas a acadar un espazo de Aprendizaxe significativa en atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		1				2			
I56-3	Elaboración das bases dos Premios FETS enfocados a traballos de investigación sobre atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		Presencia Convocatoria				Presencia Convocatoria			

PERSOAS

I57	Protocolo de coordinación en liña co Plan de Atención á Diversidade da Uvigo, que garanta a Igualdade de oportunidades na FETS	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		Diseño				Presenza			
I58	% de materias/guías aliñadas cos ODS.	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	80%		80%				80%			

SOCIEDADE

I59	Deseño da imaxe corporativa para a presentación da FETS como centro especializado na formación de profesionais para atención a diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico										
I59-1	Manual de Identidade Corporativa.	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		Presencia				Implantación			
I59-2	Número de comunicación enviadas dende decanato nas que se proxecte a nova Imaxe Corporativa.	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	Indicador sen meta		Indicador sen meta				50			
I60	Participación da FETS xunto con entidades da contorna especializadas en atención á diversidade	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico										
I60-1	Número de entidades colaboradoras da contorna para a consecución dunha facultade que constitúa un espazo de accesibilidade universal.	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	2		2				2			
I60-2	Número de actividades de formación práctica desenvolvidas de forma conxunta con entidades/administracións especializadas en atención á diversidade.	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	5		8				10			

Formación

Obxectivo I do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna

Liña estratéxica FETS 1

Consolidar e promover unha oferta de títulos especializada na atención á diversidade en contextos educativos e sociais

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Deseñar procedementos e ferramentas para a identificación de recursos de atención á diversidade nas guías docentes.
Identificar as materias das diferentes titulacións que conteñen contidos, metodoloxías e recursos de atención á diversidade.
Detallar rexistrar as materias que non se adecúan á misión do plan estratéxico e que son susceptibles de mellora.

Procedementos do SGC asociados

DO-020I PI
Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores

- Disponibilidade/publicación na web dun formulario para Rexistro de recursos de atención á diversidade
- Número de materias/guías que fomentan a innovación docente a través de metodoloxías activas e colaborativas
- Número de docentes que participan no proxecto de innovación docente da Facultade ou en cursos de formación sobre innovación metodolóxica e atención á diversidade

Temporalización das Metas

Curso 2023-2024

- Avaliación do 100% de materias que conforman os plans de estudo dos graos e mestrados do centro



META CUMPRIDA

Formación

Obxectivo I do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna

Liña estratéxica FETS 2

Promover unha oferta de títulos asentada na innovación docente e as metodoloxías activas e colaborativas, en estreita conexión coas entidades da contorna especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Deseñar procedementos e ferramentas para a identificación de materias que fomenten a innovación docente a través de metodoloxías activas e colaborativas. Identificar as materias das diferentes titulacións que fomentan a innovación docente a través de metodoloxías activas e colaborativas. Promover a participación activa de todo o PDI no proxecto de Innovación Docente da Facultade.

Procedementos do SGC asociados

DO-020I PI
Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores

- Disponibilidade/publicación na web dun formulario para Rexistro de recursos de atención á diversidade
- Número de materias/guías que fomentan a innovación docente a través de metodoloxías activas e colaborativas
- Número de docentes que participan en proxectos de innovación docente da Facultade ou en cursos de formación sobre innovación metodolóxica e atención á diversidade

Temporalización das Metas

- Avaliación do 100% de materias que conforman os plans de estudo dos graos e mestrados do centro
- Acadar polo menos a participación do 20% do PDI en proxectos ou cursos de innovación docente



META CUMPRIDA

Formación

Obxectivo 2 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado

Liña estratéxica FETS 3

Desenvolver accións formativas conxuntas con empresas e institucións especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Reforzar e fomentar as prácticas externas así como a realización de TFGs, TFM's en empresas e institucións na atención á diversidade en contextos educativos e sociais.

Procedementos do SGC asociados

DO-0201 PI
Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores

- Porcentaxe de estudantes en prácticas externas en institucións con competencias en materia de atención á diversidade

Temporalización das Metas

Curso 2023-2024

- 70%



META CUMPRIDA

Formación

Obxectivo 2 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado

Liña estratéxica FETS 3

Desenvolver accións formativas conxuntas con empresas e institucións especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Reforzar e fomentar as prácticas externas así como a realización de TFGs, TFM e Teses de doutoramento en empresas e institucións na atención á diversidade en contextos educativos e sociais.

Procedementos do SGC asociados

DO-020I PI
Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores

- Número de TFGs, TFM e Teses realizadas en colaboración con entidades externas

Temporalización das Metas

Curso 2023-2024
• 10



META CUMPRIDA

Espazos e recursos

Obxectivo II do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias

Liña estratéxica FETS 4

Avanzar na construción dunha facultade de accesibilidade universal, que proporcione espazos e recursos que promovan aprendizaxes significativas para os futuros profesionais da atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Avaliar as barreiras de diferente índole (cognitivas, sensoriais, físicas) susceptibles de limitar a realización de actividades académicas, co fin de garantir a participación efectiva na vida universitaria de todas as persoas.

A partir do diagnóstico anterior, establecer un plan de acción a corto (fase I), medio (fase 2) e longo prazo (fase 3).

Explorar as posibilidades de obter recursos económicos para o desenvolvemento desta liña estratéxica.

Procedementos do SGC asociados

PA-07

Xestión dos recursos materiais

•

META CUMPRIDA

Indicadores

Disponibilidade dun Informe de diagnóstico que recolla o número de accións necesarias a implementar asociadas aos diferentes cursos académicos.

- Número de contactos e entrevistas con diferentes administracións e entidades para a obtención de recursos económicos.

Temporalización das Metas

Curso 2023-2024

- Un informe que conteña o diagnóstico e as accións para implementar.
- Tres reunións formais: Vicerreitoría do Campus de Ourense; Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade; Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades da Xunta de Galicia.



Investigación

Obxectivo 21 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.

Obxectivo 23 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos universitarios

Liña estratéxica FETS 5

Fomentar a investigación e a transferencia dos grupos de investigación da FETS para acadar un espazo de aprendizaxe significativo para os futuros profesionais da atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

Mellorar a visibilidade na web institucional dos proxectos de investigación da Facultade, con especial atención aos vinculados coa atención á diversidade
Explorar posibles grupos interesados e diseñar fórmulas para o establecemento de acordos e compromisos

Procedementos do SGC asociados

DO 0301 PI
Información pública e rendemento de contas

- Número de investigadoras e investigadores implicados nas accións da Facultade enfocadas a acadar un espazo de aprendizaxe significativo para os futuros profesionais da atención á diversidade

Indicadores

- Número de Proxectos de investigación e transferencia visibles na Web da facultade
- Número de participantes na consulta

Curso 2024-2025

- Polo menos 1 grupo de investigación

Curso 2025-2026

- 2 grupos de investigación

Temporalización das Metas

Curso 2023-2024

- 80% dos proxectos en desenvolvemento
- 75% dos grupos de investigación da FETS



META CUMPRIDA

Liña estratéxica FETS 10

Impulsar accións conxuntas con entidades da contorna especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Promover prácticas educativas conxuntas como modo de comunicación e transferencia bidireccional.

Procedementos do SGC asociados

DO-0201 PI
Planificación e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores

Número de cursos formativos/seminarios/
TFG/TFM desenvolto en colaboración
con entidades da contorna

Temporalización das Metas

TFG/TFM

- Curso 2023-2024: 10

Outras actividades conxuntas

- Curso 2023-2024: 5



META CUMPRIDA



Facultade de
Educación e Traballo Social

UniversidadeVigo